

BASES DA PROMOCIÓN "O RASCA DO NADAL" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA), con domicilio social en Pza. Mestre Xosé Dapena Nº 1 de Betanzos e NIF G15153869 organiza a campaña "O rasca do Nadal", que se desenvolverá no Concello de Betanzos entre o 16 de decembro de 2020 e o 5 de xaneiro de 2021.

ACEBE CCA emitirá un total de 36.000 papeletas "Rasca e Gaña" para o sorteo de 7.177 premios, e entregará 200 boletos a cada un dos seus establecementos asociados. Detállase a relación de premios ao final destas bases.

O reparto de boletos aos clientes efectuarase entre o 16 de decembro de 2020 e o 5 de xaneiro de 2021 ou ata fin de existencias nos comercios e empresas pertencentes á asociación.

Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata finalizar as existencias.

No caso de atopar un premio de nunha papeleta o interesado terá que atender ás seguintes indecacións:

- Premios de acebecheque: deberá poñerse en contacto con ACEBE CCA antes do 5 de xaneiro de 2021 a través do teléfono 981774574 en horario de 10:00 a 14:00 h. de luns a venres, agás os días festivos, e o persoal da oficina se ocupará de xestionar a entrega do acebecheque ao premiado e un listado de establecementos nos que se poderá canxear o mesmo.

-Resto de premios: para reclamar os premios os interesados terán que acudir co boleto premiado á "Casiña do Nadal de ACEBE CCA" que estará situada na Praza dos Irmáns García Naveira dende o 23 de decembro de 2020 ata o 5 de Xaneiro de 2021 en horario de 12:00 a 14:00 e de 17:00 a 19:00 h. Agás o día 1 de xaneiro, no que a Casiña do Nadal de ACEBE CCA no abrirá.

En ningún caso os premios serán canxeables polo seu valor en efectivo nin por outro premio. Non se considerarán válidos os boletos premiados cando nos mesmos se aprecien roturas, tachaduras, enmendas ou deterioros, ou calquera outra alteración ou manipulación que impida ou dificulte a súa total e perfecta identificación e autenticación como boletos premiados.

Cada acebecheque deberá ser canxeado integramente nunha compra de importe igual ou superior ao valor do acebecheque. Se a compra fose de importe inferior ao acebecheque non poderá recibir o cambio correspondente, perdendo a diferenza. Non se permite a utilización do acebecheque como medio de disposición de efectivo.

Os acebecheques só se poderán canxear nos establecementos asociados a ACEBE CCA ata o 29 de febreiro de 2021.

O listado de establecementos nos que se poden canxear os acebecheques estará dispoñible a través da páxina web: www.comerciodebetanzos.com.

Os gañadores dos acebecheques terán que confirmar a aceptación do premio por escrito para poder recibilo mediante a sinatura dun documento que lles entregará o persoal de ACEBECCA.

Os premios dos acebecheques estarán suxeitos a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo de ACEBE.CCA.

CONDICIÓNS XERAIS DA PROMOCIÓN:

Non poderán participar na promoción os empregados de ACEBE.CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. Os premios de acebecheques só poderán ser entregados a persoas maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Para recoller o resto dos premios se o gañador é un menor de idade deberá ir acompañado do seu pai/nai ou titor legal.

A data límite para reclamar o premio é o 5 de xaneiro de 2021.

Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web: www.comerciodebetanzos.com.

Os premiados autorizan a ACEBE CCA para utilizar publicamente o seu nome e imaxe en medios de comunicación, en redes sociais e en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña "RASCA E GAÑA" de ACEBE.CCA.

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das bases e o criterio de ACEBE CCA en canto á resolución de calquera cuestión derivada da presente promoción.

RELACIÓN DE PREMIOS "O RASCA DO NADAL"

PREMIO	Nº PREMIOS	VALOR INDIVIDUAL	VALOR GLOBAL
ACEBECHEQUE 50 €	30	50,00 €	1.500,00 €
LIBRO/COMIC	1.128	1,00 €	1.128,00 €
SOBRE SUPERTHINGS/MOJIPOP	1.500	0,70 €	1.050,00 €
CLUB ROOM MOJIPOP	264	0,70 €	184,80 €
MOJIPOP PARTY	25	3,95 €	98,75 €
MUÑECO PLAYMOBIL	400	1,00 €	400,00 €
REGLA PLAYMOBIL	620	0,50 €	310,00 €
PUZZLE MINI	670	0,50 €	335,00 €
MEMORY PLAYMOBIL	380	0,50 €	190,00 €
CAMIÓN COCA-COLA	88	1,00 €	88,00 €
JUEGO PICTUREKA	1	19,95 €	19,95 €
PELUCHE CAZAFANTASMAS	1	2,95 €	2,95 €
PLAYMOBIL FÚTBOL	3	51,99 €	155,97 €
CARRERA FIRST	2	27,99 €	55,98 €
CARRERA GO!!!	4	14,95 €	59,80 €
PLAYMOBIL HEIDI	1	11,99 €	11,99 €
PLAYMOBIL MAGIC	2	16,00 €	32,00 €
PLAYMOBIL ACUARIO	2	18,23 €	36,46 €
PLAYMOBIL PUNTERÍA	3	13,01 €	39,03 €
PLAYMOBIL FOCA	4	3,95 €	15,80 €
PLAYMOBIL TIBURÓN	4	3,95 €	15,80 €
PLAYMOBIL PULPO	5	6,95 €	34,75 €
FUNKO	10	4,95 €	49,50 €
MERCHANDISING ACEBE	2.030	0,46 €	933,80 €

TOTAL PREMIOS 7.177

6.748 €